



## TARXETAS-MOEDEIRO PARA AS PERSOAS E FAMILIAS EN SITUACIÓNS DE VULNERABILIDADE ECONÓMICA POLA CRISE DA COVID-19

A Consellería de Política Social da Xunta de Galicia e a Cruz Vermella Española en Galicia asinaron un convenio para a execución dun programa extraordinario de axudas económicas para a cobertura de necesidades básicas á poboación en situación de vulnerabilidade ocasionada pola COVID-19, articulado a través de tarxetas-moedeiro para a adquisición de produtos de alimentación, hixiene e farmacia.

**Persoas beneficiarias** : As persoas e familias residentes en Galicia que se atopan en situación de vulnerabilidade económica, ben porque carecen de ingresos efectivos, ou ben porque os ingresos da unidade de convivencia non superan o importe que lle correspondería en concepto de tramo persoal e familiar de RISGA e non son perceptoras de prestacións económicas regulares de periodicidade mensual (RISGA, PNC, IMV, RAI, prestacións por desemprego...):

PERSOAS UNIDADE DE CONVIVENCIA	LÍMITE DE INGRESOS
1	403,38 €
2	478,68 €
3	543,22 €
4	597,00 €
5	650,78 €
6	704,56 €
7	726,08 €

(\*) Límite máximo sen menores (120% IPREM) = 645,41

(\*\*) Límite máximo con menores (135% IPREM)= 726,08

**Contía das axudas:** As tarxetas-moedeiro cárganse con distintos importes de axuda económica en función do número de persoas integrantes da unidade familiar (1, 2 ou 3 ou mais):

Unha persoa 150 euros (450 euros para os 3 meses)

Dúas persoas 200 euros ( 600 euros para os 3 meses)

Tres ou mais persoas 300 euros (900 euros para os 3 meses)

**Solicitudes:** Para realizar a súa solicitude, contacte cos servizos sociais do Concello. As solicitudes tramitaranse, con carácter xeral, polos/as traballadores/as sociais dos servizos sociais comunitarios municipais, na súa condición de profesionais de referencia do sistema galego de servizos sociais.

### MÁIS INFORMACIÓN:

#### SERVIZOS SOCIAIS DO CONCELLO DE TOURO

Teléfonos: 981504000/981504029